

O presente documento estará
 exposto no Taboeiro de
 Anuncios desta Deputación
 desde o día 14-04-2023
 ata a día 15-05-2023
 O XEFE DA UNIDADE
 PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.


PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 11 DE ABRIL DE 2023 POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A MANTEMENTO INDUSTRIAL, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

- Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por resolución da presidencia de 21.03.2023, apróbase a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas, composición do Tribunal e data de constitución e posterior valoración de méritos (BOP núm. 070, do 25.03.2023), do procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo nunha (1) praza denominada técnico/a mantemento industrial, cota xeral, incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IC) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre, publicándose no BOP núm. 070, do 25.03.2023.

Con data 28.03.2023, Dona Carmen Lage Fernández, nomeada vogal do Tribunal cualificador do dito procedemento selectivo, solicita mediante escrito, non participar no proceso selectivo por ter causa de abstención prevista no art.23.2 da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

En base ao anteriormente exposto, apreciándose causa de abstención, débese acceder ao solicitado e, conforme ao sinalado na base xeral 7.3 que literalmente sinala: "A presidencia da Deputación, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior", proponse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, RESOLVA:

1º.- Ordenar a dona Carmen Lage Fernández, nomeada como vogal titular por resolución da presidencia do 21.03.2023 (BOP núm. 070, do 25.03.2023) para formar parte do Tribunal do procedemento selectivo de técnico/a mantemento industrial (BOP 241 de 21/10/2022), que se absteña de intervir no procedemento selectivo, por apreciar a causa de abstención á que se refire o artigo 23.2. b) da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, resolvendo a abstención solicitada pola interesada.

2º. Nomear como substituta de dona Carmen Lage Fernández a dona Delia López Rodríguez, xefa da Sección de Actas e Asuntos Xerais da Deputación de Lugo.

3º. Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución, non caberá recurso algún sen prexuízo de que poida alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 12 de abril de 2023 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero

R. 1087

Anuncio publicado en: Núm. BOP de 14/04/2023